



ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
CEE

Aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito nº 3/2026. Expediente núm. 2026/T002/000011

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Cee, na sesión ordinaria realizada o día 7 de agosto de 2026, acordou a aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 3/2026 conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, con cargo o RTGX (Remanente de Tesourería para Gastos Xerais) pola contía de 90.570,01 €.

O devandito acordo de aprobación inicial someteuse ao trámite de información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello habilitado na sede de este organismo, polo prazo de quince días para que puidesen examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións.

Durante o prazo de exposición pública non se presentaron reclamacións ou suxestións, polo que se considera aprobado definitivamente o suplemento de crédito nº 3/2026, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Consecuencia do dito suplemento de crédito increméntanse as seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	CONCEPTO
342.619	90.570,01 €	Inversión: Reparación da cuberta do pavillón cuberto polivalente A Concha.
TOTAL	90.570,01 €	

En Cee, o 8 de setembro de 2026.

Alcaldesa do Concello de Cee

Margarita Lamela Louzán

2026/5887